

# Acceso ó almacenamento mediante SMB e SSH

Este servizo extinguirase en decembro de 2018. Recomendamos o uso de Nextcloud no seu lugar a partires de agora.

## Descrición do servizo

Acceso ó [almacenamento compartido mediante NFS](#), a través dos protocolos Samba (CIFS) e SSH (inclúe SFTP).

## Alta no servizo

A alta no servizo é automática para todos os usuarios con acceso ó almacenamento compartido mediante NFS. O nome de usuario e contrasinal son os da identificación CITIUS. Se tes problemas recordando o usuario ou o contrasinal, podes solicitar unha reactivación en [citius.tic@usc.es](mailto:citius.tic@usc.es).

## Axuda

### Acceso mediante SFTP/SSH

Os datos de acceso son os seguintes:

- Servidor: 172.16.242.41
- Porto: 22

Os espazos están accesibles nos seguintes directorios:

- Directorios de usuario: /homes/nome.de.usuario
- Directorios de proxectos: /proyectos/nome.de.proxecto
- Directorios compartidos:  
/compartidas/nome.de.usuario.do.propietario/nome.do.cartafol
- Directorio scratch: /scratch


Exemplos:

- `ssh://172.16.242.41/homes/jorge.suarez`
- `ssh://172.16.242.41/compartidas/jorge.suarez/fotos`

### Acceso dende Ubuntu

1. Abre unha ventá do navegador de arquivos. Accede ó menú **Archivo** » **Conectar co servidor**.

2. Elixe tipo SSH. Cubre os datos de servidor 172.16.242.41, cartafol /homes/nome.de.usuario e cubre tamén o nome de usuario e o contrasinal. Por último, preme en Conectar.



3. Para acceder ós directorios de proxectos, usa o cartafol /proyectos/nome.de.proxecto e para acceder ó scratch usa /scratch.

## Acceso dende Windows

Podes facer uso do programa [WinSCP](#) usando os mesmos datos de conexión que en Ubuntu.

## Acceso mediante Samba/SMB/CIFS

Importante: Se non funciona o contrasinal, comproba que podes iniciar sesión neste wiki con ese mesmo contrasinal. Se podes e aínda así segue sen funcionar, debes [cambiar o contrasinal](#) (os contrasinais establecidos antes de Xullo de 2012 non serven).

Os datos de acceso son os seguintes:


- Servidor: 172.16.242.41

Os espazos están accesibles nos seguintes directorios:

- Directorios de usuario: nome.de.usuario
- Directorios de proxectos: nome.de.proxecto
- Directorios compartidos:  
compartidas/nome.de.usuario.do.propietario/nome.do.cartafol
- Directorio de scratch: scratch

## Acceso dende Ubuntu


1. Abre unha ventá do navegador de arquivos. Accede ó menú *Archivo* » *Conectar co servidor*.
2. Cubre o formulario co servidor 172.16.242.41 e o dominio CITIUS. Como cartafol, emprega o teu nome de usuario. Cubre tamén o teu nome de usuario e contrasinal.



3. Por último pulsa en Conectar.
4. Para acceder ó directorios de proxectos, introduce o nome de proxecto como carpeta, e para acceder ó scratch introduce scratch.

## Acceso dende Windows 7

1. Accede a Inicio » Equipo » Conectar a unidad de red.
2. Cubre o formulario. En *Carpeta* introduce \\172.16.242.41\nome.de.usuario e pulsa en *Finalizar*. Introduce o contrasinal da conta do CITIUS cando cho pida.



3. Para acceder ó directorios de proxectos, introduce \\172.16.242.41\nome.de.proxecto e para acceder ó scratch introduce \\172.16.242.41\scratch.

## Preguntas frecuentes

### Pódese acceder dende fóra da rede do centro?

Si, empregando a [pasarela SSH](#) ou a [VPN](#). Tes máis información nesas páxinas.

From:  
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CITIUS**

Permanent link:  
[https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:acceso\\_o\\_almacenamento\\_mediante\\_smb\\_e\\_ssh?rev=1526291308](https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:acceso_o_almacenamento_mediante_smb_e_ssh?rev=1526291308)

Last update: **2018/05/14 11:48**

